



CATAS LITERARIAS

Lorenzo Silva

3 de abril | 20:00 h.

Lugar:  Museo Interactivo da Historia de Lugo

Venda de entradas

Prezo 10€

BIBLIOTECA MUNICIPAL, PARQUE DA MILAGROSA:
luns a venres, de 10:30 a 14 e de 16:30 a 20:00

Centro de Interpretación da Muralla, Praza do Campo 11:
luns a sábado, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00

MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL):
luns a sábado, de 16:30 a 19:00

máis información: www.mihlcatasliterarias.com

A partir do martes 25 de marzo as entradas tamén se poden adquirir en www.entradas.lugo.es. Estas entradas convalidaranse no MIHL, sen necesidade de recollelas en ningún outro sitio.

Organiza:



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

Colaboran:



BO-CATAS LITERARIOS

E como tamén as nenas e os nenos queren saber de literatura, temos previstos uns bocatas literarios especiais para eles, aínda que neste caso permitírase tamén a asistencia de maiores. Un escritor ou escritora da chamada literatura infanto-xuvenil comentarán a súa obra e responderán ás preguntas e observacións dos asistentes. Naturalmente, eses días non haberá viño nin cervexa, e o menú será moito máis sinxelo: un bocata de calidade e algo de beber, polo que o escote serán 2 euros.

Para todas estas cousas contamos coa colaboración de sete librarías de Lugo: AGUIRRE, BALMES, BIBLOS, FARO DE LOS TRES MUNDOS, LA VOZ DE LA VERDAD, SOUTO, e TRAMA. Estas librarías serán, por quendas, as que levarán ó MIHL os libros de cada autor para quen os queira adquirir.

CATAS LITERARIAS NO MIHL

O edificio singular que é o Museo Interactivo da Historia de Lugo, co seu xogo de espazos múltiples, está resultando –como era previsto– moito máis ca un museo: exposicións temporais, concertos, obradoiros, proxeccións de cine, audiovisuais, teatro, danza, performances, desfiles, conferencias e outras diversas actividades culturais crearon coa súa densa programación un novo e vigoroso polo cultural da cidade.

Iniciamos agora unha nova xeira con vocación de permanencia: as catas literarias, que se celebrarán sistematicamente o primeiro xoves de cada mes –menos cando este cadre en festivo, que entón trasladarase ó segundo– todos os meses do ano, agás agosto.

E que van ser estas catas literarias? Pois cataremos, naturalmente, a mellor literatura; pero como non só de espírito viven os homes e as mulleres, cataremos tamén cousas materiais.

Cada un deses xoves teremos connosco unha destacada escritora ou escritor, sexa de Galicia, sexa do resto de España ou de Portugal, ou mesmo de países aínda máis distantes, segundo vaia habendo ocasión.

Ás 8 da tarde/noite (20:00) xuntarémonos no MIHL e comecemos por alimentar e recrear o corpo. É ben sabido que en Galicia se fan magníficos viños, que bebidos con prudencia e moderación alegran o espírito, aguzan a intelixencia e fomentan a conversación. Menos sabido é quizabes que en Lugo, como tamén noutros lugares de Galicia, se están a elaborar excelentes cervexas artesanais. Haberá, pois, viño e cervexa de calidade.

Pero tamén é verdade que beber sen comer non é costume entre nós, sobre todo a certas horas. Por iso tamén comeremos –ou mellor dito cearemos– coa regalía de nada menos ca unha ducia de tapas diversas, oito frías e catro quentes, e unha sobremesa. O milagre será feito polos alumnos do Ciclo Superior de Cociña e Restauración do IES de Sanxillao.

Para que a gastronomía non ande soa e a festa sexa máis soada, temos pensado facer vir tamén unha irmá da Literatura, coa que se leva moi ben. Convidaremos, pois, a Música, que estará representada en cada sesión por un grupo distinto.

E pasaremos ó motivo principal da xuntanza. O escritor ou a escritora do día, que naturalmente xa estará connosco na cata gastronómica –e será conveniente non acosalo a preguntas nesta fase para darlle vagar a fortalecerse–, falará do máis recente dos seus libros, e tamén, naturalmente, dos outros, en conversación cos asistentes. Ademais, estes libros estarán dispoñibles no MIHL para podelos mercar se queremos, e que o autor nolos asine para levarmos un recordo material e espiritual do serán.

E unha vez acabada a xuntanza, que se prevé máis ben longa, cadaquén poderá volver para a súa casa co corpo satisfeito e o espírito enriquecido, non só polas cousas aprendidas ou polas ideas suscitadas, senón tamén polo sabor da fraternidade dun convívio gastronómico e literario singular.

Como é natural, en xuntanzas así temos que ir a escote, de maneira que cada participante poñerá 10 euros, que dada a calidade dos viños, das cervexas e das numerosas tapas parece unha cantidade moi mesurada.

PRIMEIRA CATA

O xoves 3 de abril ás 20:00 estará con nós **Lorenzo Silva**, que falará especialmente da súa novela La marca del meridiano, Premio Planeta 2012.

Lorenzo Manuel Silva Amador naceu no barrio de Carabanchel (Madrid), estudou Dereito na Universidade Complutense e exerceu como avogado de empresa dende o ano 1992 ó 2002.

Escribiu numerosos relatos, artigos e ensaios literarios, e varias novelas que lle valeron o recoñecemento internacional. Unha delas, El alquimista impaciente, obtivo o Premio Nadal no ano 2000. Este é a segunda na que aparecen os seus personaxes máis coñecidos: a parella da Garda Civil formada polo brigada Bevilacqua e a sarxento (na última novela) Virginia Chamorro. Outra das súas obras, La flaqueza del bolchevique, finalista do Premio Nadal 1997, foi adaptada ó cine polo director Manuel Martín Cuenca. No 2012 gañou o Premio Planeta con La marca del meridiano.

Ademais das novelas policiais que o fixeron célebre, Lorenzo Silva é autor de numerosos libros de non ficción e obras destinadas á mocidade.

Menú

Aperitivos

Torrada de escalibada con escuma de pementos

Tatakí de tenreíra galega

Tartaleta de salpición de lagostino e mango

Empanada de millo con xoubas

Aperitivos quentes

Croquetas de bacallau ó recendo de laranxa

Briks de queixo de Arzúa con redución de mencia.

Maridaxe con

Regína Viarum

Música

Xass project

nace da necesidade de crear un espazo sonoro onde os músicos poidan expresarse con liberdade.

A diferente procedencia dos seus compoñentes fai que a mestura de estilos flúa sen fisuras, pasando dos ritmos latinos a toques de jazz e flamenco.

Alex Troya: Saxofóns

Jesús Moure: Trompeta e fliscorno

Carlos Martínez: Baixo eléctrico

Marco Mendoza: Percusión